

6º CURSO EDUCACION PRIMARIA – LINGUA GALEGA

CEIP PLURILINGUE STA. EULALIA – DUMBRIA


REPASAMOS:

O modo indicativo dos verbos regulares que atopades nos anexos do libro de texto.

TAREFAS:

- **Dúas fichas** para repasar e reforzar **vocabulario**. Podedes empregar o dicionario. Sabedes que é un bo recurso o dicionario online da RAG: <https://academia.gal/diccionario>
- **Unha** ficha de **COMPRESIÓN LECTORA**.
- **Dúas** fichas de **repasso gramatical**:

- ❖ **Grupos nominais**. Lembramos que son un conxunto de palabras que xiran en torno a un substantivo (nome) que é o núcleo do grupo nominal. Soen formar parte del os artigos e os adxectivos. Aínda que a viñeta está en castelán, axudaravos a comprendelo mellor:



- ❖ **Demostrativos** (podedes consultar o que xa traballamos deles no libro)

- **Unha** ficha de traballo co **dicionario**.
- No **libro, páxinas 130 e 131**, lembramos as palabras que se escriben con B ou con V. Copiamos na libreta os dous **recadros** e facemos na libreta os **exercicios 1-2-3 e copiamos o ditado**, sen faltas e con boa letra.
- **DITADOS**: lede os textos dos ditados e despois que alguén da casa escolla e vos dite un dos do **B** e outro dos do **V**.

Nome _____ Data _____

O corpo humano

1. Escribe outras palabras relacionadas co corpo humano.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
abdome	corpulento	alimentarse
membros	esmirrado	coidarse
musculatura	suorento	erguerse
omoplatas	forte	xemer
osamenta	saudable	engordar

2. Escribe unha oración con cada un destes significados da palabra *cadeira*:

Cadeira 1. Cada unha das dúas partes que sobresaen do corpo por debaixo da cintura; cadril. **2.** Asento para unha soa persoa e con respaldo.

Significado 1: _____

Significado 2: _____

3. Completa as seguintes expresións cunha das palabras do recadro.

dente ollo costa ombreiro orella pé cóbado man

- Se queres rematar o traballo a tempo, tes que arrimar o _____
- Cando lle falei do asunto fixo _____ de mercador.
- Estiven toda a tarde botándolle unha _____ co traballo de ciencias.
- O can ladrou toda a noite, non me deixou pegar _____
- Este rapaz fala polos _____, non o aturo.
- Non lle puiden ver a cara porque se sentou de _____
- Con el non terás problema á hora do xantar, éche de bo _____
- Hoxe ergueuse co _____ esquerdo.

Nome _____ Data _____

Os sentimentos

1. Escribe outras palabras relacionadas cos sentimentos.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
envexa	angustiado	amar
amizade	egoísta	desprezar
euforia	covarde	calmar
ira	feliz	aflixir
pesadume	respectuoso	chorar

2. Le e marca a oración en que a palabra *pena* se podería substituír pola palabra *mágoa*.

- O xuíz impúxolle unha pena de dous anos de cárcere.
- Sentou a descansar nunha pena do camiño.
- A Marta deulle moita pena aquel can abandonado.

3. Relaciona.

Substantivos

- furia •
- tristeza •
- rabecha •
- tenrura •
- fastío •

Verbos

- entenrecer
- enrabechar
- enfastiar
- enfurecer
- entristecer

4. Clasifica estas palabras segundo expresen alegría ou tristeza.

- ledicia
- congoxa
- fortuna
- aflición

Alegría: _____

Tristeza: _____

5. Cal dos seguintes significados lle corresponde a *eufórico*? Márcao.

- Moi triste. Irritable.
- Extremadamente nervioso. Moi contento.

Nome _____

Data _____

Unha barreira no horizonte

No norte da China hai un inmenso muro que constitúe un dos principais símbolos desta milenaria civilización: a Gran Muralla.

A Gran Muralla é o resultado do afán de numerosos emperadores durante máis de mil anos e, sobre todo, do enorme esforzo de multitude de traballadores e prisioneiros.


A finais do século III a. C., Xi Huang Ti unificou o país e foi o primeiro soberano en recibir o título de emperador. A el se debe a decisión de levantar unha barreira

para protexer o seu extenso territorio de ataques inimigos. Así comezou a construción da muralla. En séculos posteriores, a muralla foi ampliándose. Pero ata principios do século XV, co emperador Lung Lo, non alcanzou a súa lonxitude definitiva.

Construída con diferentes materiais (ladrillo, terra, pedra calcaria e granito), a Gran Muralla está composta por unha sucesión irregular de muros e valados, xa que se construíu aproveitando restos de antigos muros que se uniron con grosas paredes de terra. Chegou a medir case 6400 quilómetros e estendíase desde a fronteira coa actual Corea ata o deserto de Gobi. Ademais, contaba con miles de torres defensivas: unha cada medio quilómetro.

Na actualidade, cerca das dúas terceiras partes do total do que foi a Gran Muralla están derruídas. Para contribuír á súa conservación, en 1987 a Unesco declarouna Patrimonio Mundial da Humanidade.

Algúns astronautas, ao regreso das súas viaxes espaciais, afirmaron que viran nitidamente a Gran Muralla desde o espazo, pero nos últimos anos comprobouse que, a pesar da súa magnitude, non é posible albiscala a esa distancia.

**1. Escribe un título que exprese de forma exacta de que trata o texto.**

■ Escribe unha afirmación verdadeira e outra falsa sobre a Gran Muralla.

2. Que tipo de construción é a Gran Muralla? Márcao. artística defensiva decorativa

Comprensión lectora

3. Que se di da Gran Muralla? Márcao.

- Cando comezou a súa construción.
 - Cando alcanzou a súa lonxitude definitiva.
 - Onde está situada.
 - Que materiais se utilizaron para construíla.
 - Cal foi a súa máxima lonxitude.
 - Cal é o seu estado de conservación.
 - Quen foron os enxeñeiros que a construíron.
- Numera os parágrafos do texto e localiza neles todos os datos que marcaches.

4. Se tiveses que acurtar o texto, que suprimirías? Explica por que. Ten en conta que non debes suprimir nada importante.

5. Escribe unha oración que recolla o contido do primeiro parágrafo do texto.

6. Por que o texto que acabas de ler é informativo? Explica.

7. Contesta.

- Pareceche interesante este texto? Por que?

- Cres que ofrece suficiente información sobre a Gran Muralla?

- Onde poderías encontrar un texto coma este?

8. Que sabías sobre a Gran Muralla antes de ler o texto? Responde.

1

Análise gramatical

Nome _____

Data _____

1. Copia os grupos nominais do seguinte texto. Despois, subliña o núcleo.

Mariña visitou onte a cidade da Coruña. Gustoulle moito o acuario. Disque había cada peixe! Incluso unha quenlla! Ao saír, unha amable guía regaloulle unha camiseta moi bonita. Ten un simpático golfiño pintado.

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

2. Sigue o exemplo e analiza estes grupos nominais.

Exemplo:

Unha man ► Determinante: *unha*.
Núcleo: *man*.

Esta noite ► Determinante:
Núcleo:

Varios cans ► Determinante:
Núcleo:

Un rapaz simpático ► Determinante:
Núcleo:
Complemento:

3. Forma grupos nominais cos seguintes determinantes.

uns _____	aquelas _____
a nosa _____	os meus _____
algúns _____	dous _____

4. Forma grupos nominais cos seguintes núcleos.

rúa _____	caderno _____
raposo _____	albanel _____
música _____	película _____

2

Análise gramatical

Nome _____

Data _____

1. Subliña os demostrativos das seguintes oracións.

- Ese cuarto está moi desordenado.
- Esta mañá estiven falando con esa amiga túa.
- Aquel coche verde é o que mercou miña nai.
- Roi non quere este xersei; prefire aquela chaqueta.
- Eses cravos son os únicos que serven para colgar estes cadros.
- Aquelas rúas permanecerán cortadas mentres duren esas obras.
- Decidiches facer aquilo do que falamos?
- Non estou de acordo con iso.

2. Analiza os demostrativos que subliñaches. Para iso, sigue o exemplo.

	Clase de palabra	Xénero	Número
ese	<i>demostrativo</i>	<i>masculino</i>	<i>singular</i>

3. Completa coa contracción de preposición (*en, de*) e mais demostrativo no xénero e número axeitados.

- Non me gusta a cor _____ pantalóns.
- O verán pasado estivemos _____ fermosa vila da que falas.
- Gardei os documentos _____ caixón do moble.
- Esas mochilas son _____ rapaces que están no ximnasio.

Nome _____ Data _____

1. Escribe o significado destas expresións. Se non o coñeces, búscalo no dicionario.

- do trínque _____
- a fume de carozo _____
- nun chiscar de ollos _____
- á caída do sol _____
- a esgalla _____
- da noite para a mañá _____
- coma auga de maio _____
- de tal pano tal saia _____
- a gatiñas _____

2. Nas seguintes oracións empregáronse, de forma incorrecta, algunhas expresións moi habituais. Identifica, en cada caso, a palabra que non corresponde á expresión orixinal e corríxela. Despois, se non coñeces o seu significado, búscalo no dicionario.

- Xiana sempre expón a cara polos seus.

- Pedíume que fose tirarlle unha man.

- Cando eu ía entrar, foi el e tropezoume coa porta nos fociños.

- Faloulle daquel asunto só para encontrarlle o xenio.

- Será mellor que fagas oídos que non oen.

- Estireille da lingua e acabou contándoo todo.

- Ao ver aquel estrago caeume a alma ás pernas.

- Cando os vin chegar, tropecei na conta do que pasara.

Exemplo:

Xiana sempre expón a cara polos seus. ► *Xiana sempre dá a cara polos seus.*

Uso de b

A buxaina

O outro día, cando subín ao faiado, atopei nun baúl unha buxaina. Seica fora de meu pai, pero el non lembraba onde estaba. Contoume que de pequeno xogaba moito con ela e tiña grande habilidade en facela bailar. Agora estame a ensinar a min a facelo. Hai que suxeitar ben o cordel á cabeza do aparello, enroscalo na parte baixa e botala ao chan. É posible que lle colla o truco ao trebello, pero por agora... a pobre buxaina máis ca bailar recibe golpes a eito!

As ideas de Brais

De todos os labores que debe facer na casa, o que menos lle gusta a Brais é o de ordenar o cuarto. O outro día, cando debía estar a facer ese traballo, a nai atopouno sentado enriba da cama absolutamente absorto. Imaxinaba que nun futuro el había de elaborar un robot especializado en facer camas. Estaba seguro de que sería unha importante contribución á humanidade. E quen sabe, ao mellor algún día fabrica un, porque Brais é moi obstinado!

Uso de v

Novas actividades

A asociación de veciños estivo reunida este venres para establecer as actividades que se desenvolverán na vila nos vindeiros meses. Consérvanse algunhas das realizadas o ano pasado e haberá dúas novidades atractivas: un curso de gravado e unha excursión á ferverza do Toxa. A directiva prevé que estas actividades serán recibidas con interese.

Vida nocturna no bosque

Nos bosques, os animais nocturnos relevan aos que vemos polo día. Aproveitan para movérense e alimentárense. Estes seres vivos posúen sentidos desenvolvidos que lles permiten compensar a falta de luz. Nunha noite no bosque habemos observar misteriosos vultos fuxitivos que atravesan vereas, que se pousan en valos ou van veloces de árbore en árbore. E tamén oiremos ouveos, renxidos de varas e ramas... que o invaden todo.